

OBXECTIVOS MÍNIMOS DE RELIXIÓN CATÓLICA

PRIMEIRO CURSO

PRIMEIRO TRIMESTRE:

1 Os signos e monumentos relixiosos dos diversos pobos que mostren a súa crenza na divindade. A diversidade de relixións e a postura da igrexa católica con respecto a ela. É razoable crer en Deus.

2 As grandes etapas da Historia do Pobo de Israel a partir da Biblia. Os libros do Antigo e Novo Testamento. Como se cita a Biblia.

3 Abrahám funda o pobo de Deus. Moisés como liberador . A Alianza. Os becerros de ouro de hoxe na xuventude. Os profetas de Israel e os de hoxe.

SEGUNDO TRIMESTRE

4 A fundación da Igrexa e os seus Pastores. División diocesana de Galicia ao longo da Historia e os bispos galegos nelas. Simboloxía relixiosa do escudo de Galicia. O ecumenismo

5 Os signos e símbolos que utilizan os seres humanos na vida social para expresar ideas e sentimentos. Signos, obxectos, lugares sagrados do entorno e o seu simbolismo relixioso. Os sacramentos como etapa da vida.

6 Os efectos e a Liturxia do Bautismo. Bautizar ou non bautizar os nenos. Doutrina católica sobre os pais separados, divorciados, casados civilmente a hora de bautizar aos fillos. Condicións para ser padriños. O bautismo dos inmigrantes. O bautismo como acto social. Os compromisos da Confirmación

TERCEIRO TRIMESTRE

7 A presenza real de Xesús na Eucaristía. Os motivos da non asistencia dominical a Misa sobre todo dos xoves A utilización da lingua galega nas celebracións da Eucaristía, sobre todo a nivel de zona

8 Cando e como se deben recibir os sacramentos da Penitencia e da Unción . O xuízo de Deus e os xuízos dos tribunais humanos. Confesión directa con Deus?. A menciña e a Unción de enfermos. A Unción para os moribundos ou para todo enfermo?

SEGUNDO CURSO

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- 1.- A aparición do home na Terra. Evolución-creación. Monoxenismo-polixenismo..
- 2.- Os dereitos humanos. Dereitos e deberes dos alumnos/as. Fraternidade – solidariedade-voluntariado.
- 3.- Lei natural. Lei mosaica. As fontes da moralidade.

SEGUNDO TRIMESTRE

- 4.- Os actos libres e o mal uso da liberdade. A responsabilidade nos actos alleos.
- 5.-Que manda e que prohibe o 1º e o 2º mandamento. Vivir de forma coherente coa nosa fe.
- 6.- O culto interno e externo. Privado e comunitario. As festas patronais da zona e a súa celebración eucarística en galego. A participación na Eucaristía, especialmente a xuventude. Músicos que compuxeron “misas”. Cancioneiros galegos e compositores. Misas da xuventude, onde?

TERCEIRO TRIMESTRE

- 7.- Os deberes dos pais cos fillos e viceversa. Problemática da terceira idade. Deberes dos cidadáns e gobernantes. Principais problemas da familia hoxe. Doutrina social da Igrexa. A vida do fogar e o traballo da muller fóra del.
- 8.- Os atentados contra a vida humana: homicidio, suicidio, aborto, eutanasia, drogas... A defensa da Paz: os premios “Nobel da Paz”, galegos?
- 9.- Que mandan e prohiben os demais mandamentos. O dereito á propiedade privada e a súa función social. A difamación e a calumnia. As obras de misericordia. A fame no mundo: “Manos Unidas”; a apartación económica a nivel das parroquias da zona.

TERCEIRO CURSO:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- 1.- o senso da vida, da morte, do mais alá dende o punto de vista da relixión. O problema do mal no mundo.
- 2.- O influxo do sagrado e do profano da vida familiar e social.
- 3.- Os diferentes mitos nas relixións. Mitoloxía galega.
- 4.- As funcións das relixións. Relixións e estados modernos. As relacións Igrexa-Estado en España e Galicia.

SEGUNDO TRIMESTRE

5.- As achegas morais e a orixinalidade doutrinal das relixións orientais e a súa influencia nas sociedades actuais. Facer unha valoración delas e en que medida inflúen nas actitudes deles

6.- Que descubran os elementos comúns as relixións monoteístas do libro. Cales son os trazos fundamentais das súas doutrinas, preceptos e culto. As pegadas das relixións do libro en España e Galicia.

TERCEIRO TRIMESTRE

7.-As setas como movementos alternativos. Os funcionamentos das setas. Setas destrutivas e resgos do sectario destruído. O lavado de cerebro. Tipoloxía.

CUARTO CURSO

PRIMEIRO TRIMESTRE:

1.- Onde nace a fe cristiá e cales son as súas fontes. As distintas igrexas cristiás e o ecumenismo.

2.- A importancia da resurrección de Xesús Cristo como fundamento da fe cristiá. A orixinalidade do deus cristián. A imaxe do Resucitado na pintura antiga e moderna.

SEGUNDO TRIMESTRE :

3.- Que é a igrexa de Xesús e a Igrexa. A esencia e a misión da Igrexa. Os vinte séculos de cristianismo dende a Idade Antiga ata a Contemporánea: luces e sombras. A historia da Igrexa en Galicia.

TERCEIRO TRIMESTRE

4.- A misión e os valores da familia cristián. Postura da Igrexa diante do divorcio, separación e nulidade matrimonial.

5.- O respecto a vida propia e allea. Posturas da Igrexa diante da eutanasia, pena de morte, transplante de órganos.....

6.- Doutrina da Igrexa sobre da propiedade. Dereitos e deberes dos traballadores. Consumismo e paro.

7.- A comunidade política. Os pastores da Igrexa e a política. Os cristiáns e a política. Fraude fiscal.

8.- A fe e a moral diante da ciencia. O progreso científico e a dignidade humana.